



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 6 de SETEMBRO de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS". EXPTE. 1888/441.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2024 12:38	Páxina 1 de 4
1888-441	CSV: ABAD53-5BB838-26C74F-VRQHE5-BNHC45-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24.04.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 36.274,64 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.02 (MELLORA NO ASCENSOR INCLINADO ENTRE M.PELAYO E CAMELIAS), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	209.011,04 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de agosto de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1938-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	85,82

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., o día 9 de agosto de 2024, que presenta a documentación requirida o 21 de agosto de 2024, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2024 12:38	Páxina 2 de 4
1888-441	CSV: ABAD53-5BB838-26C74F-VRQHE5-BNHC45-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da licitadora, o obxecto social e o apoderamento dos seus representantes, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA no segundo.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (207.283,68 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo J, subgrupo 1, categoría 2) presentan a clasificación Grupo J, subgrupo 1, categoría 4.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (209.011,04 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo J, subgrupo 1, categoría 2) presentan a clasificación Grupo J, subgrupo 1, categoría 4.
- Aval por un importe de 7.496,83 que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., de acordo co informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 5 de agosto de 2024 e co acordo da Mesa de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2024 12:38	Páxina 3 de 4
1888-441	CSV: ABAD53-5BB838-26C74F-VRQHE5-BNHC45-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Contratación, de data 8 de agosto de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441) por un prezo total do contrato de 181.423,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.486,70 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2024 12:38	Páxina 4 de 4
1888-441	CSV: ABAD53-5BB838-26C74F-VRQHE5-BNHC45-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		